

## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE SANDIÁS

*CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA UNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O EXERCICIO 2024*

Unha vez aprobadas as bases de selección para a constitución dunha bolsa para contratación de persoal para unha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o exercicio 2024, publícase o resumo da convocatoria para o coñecemento xeral e o chamamento o concurso (convenio coa Xunta para a prevención e extinción de incendios forestais, cofinanciado con Fondos FEADER):

1. Número e denominación das prazas:

- 4 traballadores/as como peóns/peoas de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais con disposición de condución.

- 1 traballador/a como xefe/a de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

2. Modalidade de contratación: temporal de duración determinada (disposición adicional quinta do RDL 32/2021, do 28 de decembro). Contrato vinculado ao convenio suscrito coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo FEADER dentro da submedida 8.3 “axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes” do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020

3. Duración do contrato: tres meses.

4. Sistema de selección: concurso.

5. Prazo e lugar de presentación de solicitudes: ante a necesidade da contratación e cumprimento dos prazos de xustificación da subvención e realización do servizo, cinco días hábiles, que contarán desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 9.00 a 14.00 h (se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias é sábado ou día inhábil, o prazo finalizará o primeiro día hábil seguinte).

6. O texto íntegro das bases de selección publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás situado nas oficinas municipais, na súa páxina web ([www.sandias.es](http://www.sandias.es)) e na sede electrónica ([sandias.sedelectronica.gal](http://sandias.sedelectronica.gal))

7. Os anuncios sucesivos publicaranse exclusivamente na páxina web do Concello ([www.sandias.es](http://www.sandias.es)), na sede electrónica ([sandias.sedelectronica.gal](http://sandias.sedelectronica.gal)) e no taboleiro de anuncios do Concello de Sandiás.

**R. 1.569**

